



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre funcionarios docentes do corpo de mestres.

Pola Orde do 14 de outubro de 2016 convocouse concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (DOG n.º 205, do 27 de outubro).

Procede agora facer pública a adxudicación provisional de destinos obtidos neste concurso de traslados. Na súa virtude, esta dirección xeral,

DISPÓN:

Primeiro. En virtude desta resolución provisional do concurso de traslados, adxudicar destino provisional aos funcionarios do corpo de mestres que figuran na páxina web desta Consellería nas sedes ou nos centros que alí se especifican.

Segundo. Publicar a relación de excluídos na páxina web desta Consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base vixésimo novena da orde do 14 de outubro de 2016, cabe reclamación no prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para reclamacións.





Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Cuarto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar en calquera das dependencias a que alude o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como no centro de destino sempre que, ademais, se remitan por correo electrónico a persoal.primaria@edu.xunta.es ou por fax ao número: 881-999241 , dentro do prazo establecido.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

